Sr. Alcalde.- A interventora que falou de reducir o remanente e a mesma que di que hai un desequilibrio. Soio traslado o informe de intervención.

Sr. Ameneiros Serantes.- A Lei estatal non ten senso, porque non se pode tratar a todos os concellos por igual. O imperativo legal aprobouno o Partido Popular, e con elo recortase a capacidade de actuación dos concellos.

Sr. alcalde.- Non imos poder contratar persoal público.

Sometido a votación o ditame do Plan económico-financieiro, quedou aprobado pola Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

6º.- DITAME: APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

A proposta de modificación de Ordenanza do SAF recibiu o ditame favorable da comisión de Planificación Territorial e Xestión Administrativa de 13 de xullo de 2015:

MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SAF DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

PROPOSTA DE ALCALDIA:

Visto o informe-proposta de Traballadora Social do concello de data 25 de maio de 2015, para modificar a Ordenanza municipal do SAF, no que:

INFORMA

1. No momento de aplicar a Ordenanza Municipal de Axuda no Fogar, dende o Departamento de Servizos Sociais, atopámonos cunha dificultade á hora de calcular a participación das persoas usuarias no financiamento do SAF de libre concurrencia.
2. Ao solicitar apoio á Inspección de Servizos Comunitarios e de Inclusión Social para solventar a situación, indicannos que debe realizarse unha modificación no cadro recollido no artigo 21 da ordenanza aprobada.
3. A Inspección procede a revisar integramente a Ordenanza Municipal publicada e comunica que a maiores procede realizar unha modificación no artigo 12.1.

PROPÓN

En base ao informado no punto anterior, aprobar as modificacións que se anexan ao presente informe tratándose todas e cada unha delas de indicacións dadas polo órgano da Xunta competente na materia, de cara á consecución do visado da Ordenanza pola Inspección, así como para poder aplicala de xeito transparente en canto ao copago do SAF por libre concurrencia se refire.

ANEXO:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Tralas modificacións propostas, os artigos quedaran redactados do seguinte xeito:

Artigo 12.1: Substituirase “traballador/ a social” por “técnico titulado”, quedando a tabóia do seguinte xeito:

**NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS
PERSOAL TÉCNICO MÍNIMO**

50 a 99

1 técnico titulado a xornada completa

100 a 199

2 técnicos titulados xornada completa

200 a 399

3 técnicos titulados a xornada completa

Incrementos sucesivos

Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico titulado a xornada completa

Artigo 21: Modifícase a taboá do seguinte xeito:

CAPACIDADE ECONÓMICA	PARTICIPACIÓN NO CUSTO DO SERVIZO SAF
	BÁSICO
Menor ou igual ao 1 do IPREM	0
Maior de 1 e menor ou igual a 1,5 do IPREM	10%
Maior de 1,5 e menor ou igual a 2 do IPREM	12%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 do IPREM	15%
Maior de 2,5 e menor ou igual a 3 do IPREM	20%
Maior de 3 e menor ou igual a 3,5 do IPREM	28%
Maior de 3,5 e menor ou igual a 4 do IPREM	37%
Maior de 4 e menor ou igual a 4,5 do IPREM	45%
Maior de 4,5 e menor ou igual a 5 do IPREM	60%
Maior de 5 do IPREM	65%

Esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal do servizo de Axuda no Fogar do concello de Valdoviño proposta conforme se expresa no anterior anexo.

SEGUNDO.- Someter a información pública o expediente de modificación da ordenanza citada mediante anuncio no taboleiro de Edictos do Concello por un prazo de 30 días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas. En caso de que non houbese reclamacións, o acordo de aprobación da ordenanza ata agora provisional quedará elevado a definitivo e publicarase o seu texto no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

Non obstante o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 09 de xullo de 2015
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

DEBATE

Sr. Alcalde.- É a segunda modificación que se ten que facer por mandato da Xunta.

Sr. Ameneiros.- É un ataque da Xunta aos concellos, poñen atrancos aos servizos sociais municipais, unha chantaxe.

Sr. Alcalde.- Esa é a opinión tamén do PSOE, pero hai que aprobalo por responsabilidade.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou o ditame de modificación da ordenanza do SAF.

7º.- DITAME: APROBACIÓN INICIAL CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, DEPENDENTES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

A comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa de 13 de xullo de 2015, ditaminou favorable a seguinte

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Apreciada a necesidade de regulamentar o sistema de seguridade, esta Alcaldía, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a creación de ficheiros de datos de carácter personal dependentes do Concello de Valdoviño.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 49 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, o expediente someterase a información pública durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de súa publicación no Boletín Oficial da

Provincia, para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas. De presentarse reclamacións éstas serán resoltas polo Pleno. En caso de que no se presente ningunha reclamación, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, dacordo co previsto no artigo 49 c) da Lei 7/1985 de 2 de abril, debendo publicarse o acordo de aprobación definitiva e o seu íntegro para su entrada en vigor.

NOMBRE DEL FICHERO	VIDEOVIGILANCIA
RESPONSABLE DEL FICHERO	Ayuntamiento de Valdoviño
FINALIDAD DEL FICHERO	Seguridad
INTERESADOS	Ciudadanos y Residentes
ORIGEN DE LOS DATOS	propio interesado
TIPOS DE DATOS, ESTRUCTURA Y ORGANIZACIÓN DEL FICHERO	imagen
DESTINATARIOS DE CESIONES	Fuerzas y Cuerpos de la Seguridad, Órganos Judiciales
SE PUEDEN EJERCER LOS DERECHOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN U OPOSICIÓN ANTE:	Ayuntamiento de Valdoviño
NIVEL DE SEGURIDAD DEL FICHERO	Básico
SISTEMA DE TRATAMIENTO	Mixto

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 09 de xullo de 2015

O Alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación aprobou o anterior ditame en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

Sr. Alcalde.- O mandato anterior había iniciado os trámites deste asunto, e tratase dunha existencia da Lei de Protección de datos, unha cuestión formal.

8º.- DITAME: REFORMA DA RPT DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

A proposta de modificación da RPT, tivo o ditame favorable da comisión do día 13 de xullo de 2015 de Planificación Territorial e Xestión Administrativa.

Proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO:

“REFORMA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, (POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE XESTIÓN CULTURAL E DE APARELLADOR)

A actual Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Valdoviño, aprobada definitivamente por acordo plenario o día 20.12.2013 e publicada no BOP núm. 245, do 26.12.2013, inclúe o posto denominado técnico de xestión cultural e o posto denominado aparelador, dentro do cadro de persoal laboral fixo, como postos cubertos e a funcionarizar. O proceso de funcionarización e a toma de posesión dos postos indicados, realizouse o día 25.08.2014 e 21.08.2014 respectivamente.

Por outra parte detectáronse erros na RPT, en canto á designación concreta do posto do aparelador e as funcións que se veñen desempeñando polo mesmo, sendo a denominación de arquitecto técnico a que debería figurar, dado o nome actual da titulación, e sendo as funcións reais levadas a cabo por dito posto as que se indican no cadro que se achega.

Por todo o anterior PROPONSE ao Pleno da corporación as seguintes modificacións da RPT do concello de Valdoviño:

1. Incluir no cadro de funcionarios da RPT os postos de técnico de xestión cultural e de aparelador, coas modificacións que correspondan.

2. Modificar a denominación do posto de aparelador á de arquitecto técnico, coas funcións que se indican no cadro que se achega.

/O cadro consta incorporado no expediente da súa razón/

Valdoviño, 8 de abril de 2015
O alcalde
José Antonio Vigo Lago”

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde.- Fíxose o proceso de funcionarización do Aparellador e da Técnica de Cultura e agora adaptase o ficheiro coa denominación e as funcións con esta modificación a aprobar.

Sr. Ameneiros.- Estou a favor, pero digo que na RPT excluíuse a praza de Traballadora Social e pido que se faiga esta praza de funcionaria; o concello ten que apostar de que os servizos sociais estean no concello.

Sr. Alcalde.- É unha situación de temporalidade, dende os concellos non podemos facer as acción precisas, seguimos contratando a Educadora Social e outra Traballadora Social e pido axuda a todos os grupos para ver en cómo imos facer para manter estes servizos.

O Pleno deu aprobación ao ditame antedito, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

9º.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONDENA DE ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLO ESTADO DE ISRAEL.-

“Eu, Alberte Ameneiros Serantes, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Valdoviño, no meu nome e en representación deste, presento a seguinte solicitude á alcaldía para realizar unha declaración institucional condenando a actuación de pirataría que levou a cabo o estado de Israel asaltando a III Flotilla da Liberdade, o *Marianne*, e pedindo a fin do bloqueo a Gaza

Exposición de motivos

Na madrugada do pasado domingo 28 de xuño a 90 millas de Gaza, en augas internacionais, as autoridades israelís, nun violento acto de pirataría, abordaron e secuestraron o barco humanitario da III Flotilla a Gaza, o *Marianne*.

Logo de dous días de persecución e de Israel asaltar o barco que levaba axuda humanitaria a Gaza, pretendían que deixasen a mercadería humanitaria que levábamos para a poboación palestina de Gaza, como material escolar, sanitario ou paneis solares, no porto israelí de Ashdod.

Israel empregou contra as persoas apresadas unha violencia desmesurada, incluso con porras eléctricas para tomar o control da cabina de mando, e arrestou a tripulación até levala a proa co resto dos pasaxeiros. No barco ademais da tripulación sueca, noruega e canadense, viaxaban activistas como o deputado da Knesset Basel Ghattas, o ex presidente de Tunicia, xornalistas de Rusia, Nova Zelanda, de Al Jazeera e de Israel.

Leváronos navegando até o porto de Ashdod, retrasando a propósito a chegada ao porto por unha manifestación de palestinos a favor da Flotilla. A europarlamentaria do Bloque Nacionalista Galego, que se atopaba embarcada na Flotilla, Ana Miranda, denunciou que mesmo foron incomunicados e que lles confiscaron os teléfonos e os ordenadores.

Finalmente a europarlamentaria, foi liberada e deportada chegando onte mesmo a Madrid. Pola contra, membros da Flotilla seguen no territorio ocupado por Israel apresados.

No entanto, a axuda non puido chegar a Gaza en condicións e non foi posíbel romper o bloqueo que o estado israelí mantén contra a poboación de Gaza.

Por todo isto, presento a seguinte

Solicitude

Que o Concello de Valdoviño faga unha declaración pública:

- A. Manifestando a súa repulsa á actuación do estado de Israel, polo asalto pirata en augas internacionais á III Flotilla da Liberdade, o *Marianne*.
- B. Denunciando o tratamento que o estado de Israel lle dá ó pobo Palestino, saltándose mesmo a resolución da ONU e a Carta Universal de Dereitos Humanos.
- C. Demandando a fin do bloqueo a Gaza e o establecemento dun Estado Palestino libre.

Valdoviño, 3 de xullo de 2015.
Alberte Ameneiros Serantes,
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego”.

Sr. Ameneiros Serantes.- Propoño unha Xunta de Voceiros para debatir este tema. Condenar que se axuda a Gaza e Israel en augas internacionais apresada ao barco da axuda, e ilegalmente arresta a xente en prisión militar. Debe haber condena, aínda que Israel tamén debe ser respetado.

Sr. Alcalde.- Falei co concelleiro do BNG. Non está o concelleiro de CENVAL e entendemos que as declaracións deben atañer a todos os grupos. Procuramos consenso.

Imos facer Xunta de Voceiros.

10º.- MOCIÓN DO BNG SOBOR DA SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO EN GALIZA.-

“ Alberte Ameneiros Serantes, Voceiro do Grupo Municipal do BNG no concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño da seguinte

MOCIÓN

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostible para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado Español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restricción. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non so o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixen leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello esta moción proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- O Concello de Valdoviño comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posición e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.
- Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
- Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

- a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.
- b) Establecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras quen, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida de produción.
- c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.
- Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de *dumping* nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

Asdo. Alberte Ameneiros Serantes

Voceiro do Grupo Municipal do BNG”

DELIBERACION

Sr. Ameneiros.- Trátase de reclamar a defensa do sector lácteo, columna do rural, xunto co sector naval e por suposto o pesqueiro. Neste país a Xunta non defende o primordial, contribúe ao desmantelamento dos sectores produtivos nos que eramos pioneiros.

Sr. Bacorelle.- A favor.

Sr. Vigo Lago.- O sector primario está mal. Pero non está o sector lácteo destruído pola Xunta de Galicia, senón que anos atrás tanto o campo coma os outros sectores foron caendo continuamente.

Sr. Ameneiros.- Non lle voto a culpa ao Partido Popular; digo que debe de protexerse.

Sr. García López.- O noso grupo está a favor da moción, para defender o sector primario que pasa por unha situación dramática.

Sr. Alcalde.- Afecta tamén ás explotacións de Valdoviño, que ademais provoca que se deixe de fixar poboación.

O Pleno da Corporación aprobou a moción do BNG, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O SR. ALCALDE informa:

- Está contratado o servizo de socorrismo nas praias; contrataronse 18 persoas para limpeza de praias con bases feitas polo concello, catorce persoas son de Valdoviño e catro dos contratados non. Reservouse un 30 % das prazas para exclusión social.

- Os servizos estiveron os primeiros días pechados, porque non estaba contratado o persoal, primando o tema sanitario.

- Modificación do servizo de recollida de enseres; nas praias intentamos concienciar do traslado de residuos fóra da praia e depósito nas áreas para elo. Faremos campaña de publicidade sobor disto (en consonancia co Servizo de Conservación da Natureza).

- Prorrogamos o contrato ao concesionario da acampada municipal; e correximos defectos existentes nas instalacións. Esperamos ter uns novos pregos para o verán seguinte e incluso se podemos para a Semana Santa ter nova contratación da acampada.

- A caseta de información turística está funcionando e levase todo o de turismo a través da Oficina turística.

- A Mancomunidade iniciou contratación de recollida de voluminosos. Informaremos aos grupos e falaremos. Tamén de temas de turismo dentro da Mancomunidade.

- Non hai alerta sanitaria en Valdoviño respecto ao problema de auga que ten Ferrol. Traslados ao concello de Ferrol a nosa disposición de colaborar sobre todo para sitios públicos coma hospitais... Estase a traballar na planta potabilizadora de Fene e un camión do exército facilitou auga a Ferrol.

- En tema deportivo O Longoiro está adxudicado. Procedimos a traballar coa empresa para buscar actividades para todo o verán.

- Distribuíronse bandos informativos sobre limpeza de fncas, e bandos derivados da imposición estatal de que a recollida de electrodomésticos non se fai coa recollida de voluminosos, senón que hai que trasladalos aos puntos limpos.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG.- SR. AMENEIROS

- No Plan Xeral de Ordenación Municipal e nos orzamentos pido que se artelle a participación veciñal, para que os veciños poidan opinar en qué gastar os cartos.

- Pido modificar o ROM para facilitar a participación veciñal en pleno, previa petición.

- Os veciños de Montefaro presentaron escrito con sinaturas sobre antena de telefonía móbil e pido que o Concello os apoie.

- Recibín queixa pola falta da numeración nas vivendas porque como consecuencia Correos non ten a obriga de levar as cartas. Pido se solucione rápido.

- “Viaqua” deixa de repoñer ao estado actual cando fai traballos o que supón perigosidade. Debe esixírselle que remate os traballos e cumpra os servizos debidamente.

- Pido se revisen as actuacións nas estradas.

Sr. Alcalde.-

- Neste tempo aínda non analizamos a proposta do goberno anterior do PXOM, debido a outras urxencias do concello.

- Sí á participación veciñal e se o BNG quere, pode preparar unha proposta de ordenanza.

- Do problema de antena de telefonía en Montefaro, o Sr. Vigo Lago sabía que se ían facer medicións.

Sr. Vigo Lago.- Nos iniciáramos trámite que viñera a inspección relativa á antena. Non soio mirar a radiofrecuencia, senón o tema de radón. A Universidade de Santiago cobra, pero fai medicións. Quedou pendente.

Sr. Alcalde.- Hai moitos sitios con zonas de moito grado de radón, debe facerse esa comprobación.

- Derivado do Plan de Axuste, non podemos facer algúns traballos, pero sí o traballo de numeración.

- No tema de Viaqua traballase para que se axuste ao contrato; incluso enviouse escrito respecto ao horario.

- Felicito eso sí a Viaqua, pola disposición que mantivo respecto ao tema de alerta destes días.

- As obras recepcionáronse con técnicos municipais.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.- SR. BACORELLE

.- Concedolles os 100 días de rigor de gracia. Pero en hora boa por manter o camping municipal aberto e pola abertura dos servizos municipais.

Sr. Alcalde.- Se ve algo mal, colabore con nós e non nos dea os 100 días de gracia. Agradezolle as súas verbas.

Sr. Bacorelle.- ¿Qué inversión se fixo no camping?

Sr. Alcalde .- En base á documentación do anterior mandato, falamos con “Viaqua” e correxíronse defectos.

Sr. Vega Fernández.- Supuxo 1002,36 euros.

Sr. Alcalde.- Recoñecemos xa na comisión a implicación do grupo U POR V para manter aberto o camping, coa recollida de sinaturas.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- SR. VIGO LAGO.

.- Respecto ao camping municipal diga si ou non ao que lle vou plantexar:
¿O subministro de enerxía eléctrica está legalizado?

Sr. Alcalde.- Ten luz e contrato con Fenosa. Segundo asesoramento da Secretaria, o contrato prorrogouse nas condicións que tiña.

Sr. Vigo.- Diga se cumpre coa normativa legal.

Sr. Alcalde.- Non, porque data de fai anos.

Sr. Vigo.- ¿Posee o concesionario o boletín? ¿Ten luz de obra ou boletín de enganche?

Sr. Alcalde.- ¿Fixo Vostede modificación do contrato? Porque nós prorrogamos co mesmo que tiña.

Sr. Vigo.- Non fixen modificación ningunha.

Sr. Alcalde.- Indicounos a Secretaria que era viable a prórroga do contrato.

Sr. Vigo.- ¿O subministro da enerxía é legal para exercer a actividade, non digo para obra , conforme ao Regulamento de baixa tensión?
Ningunha actividade se pode exercer sen boletín.

Sr. Alcalde.- As condicións son as mesmas.

Sr. Vigo.- Refirome á auditoría.

Sr. Alcalde.- ¿E fixeron traballos para regularizar o edificio do Centro da Natureza?

Sr. Saavedra Gutierrez.- Vostede (Ao Sr. Vigo) ven coa escopeta cargada. ¿Por qué incumpriu Vostede durante os catro anos anteriores?

Sr. Vigo.- Eu fixen unha auditoria da que Vostedes dispoñen. O cadro de alimentación estaba enganchado ao cadro de obra. Eu non o sabía.

Sr. Alcalde.- ¿Onde está o orixinal da auditoria? Soio temos copia.

Sr. Vigo.- A auditoria entregouse por rexistro municipal.

Sr. Alcalde.- ¿ Fixo tamén auditoria de accesibilidade? Vostede sabía como estaba a situación.

Sr. Vigo.- Non o sabía ata que fixen a auditoría.

Sr. Alcalde.- Non nos achaque situacións anteriores. Valdoviño merece as instalacións que levan anos sendo referencia. Fíxose unha prórroga do contrato que leva moitos anos, era a vontade de veciños, usuarios e non usuarios.

Sr. Alcalde.- Pídlle que arrimen o hombro, axudar. A estratexia de que lle responda si ou non, non vai a ningures Sr. Vigo.

Sr. Vigo Lago.- Respete o meu tempo, estou para colaborar pero pregunto para saber e chegar a conclusións, porque a situación pode causar consecuencias graves para Valdoviño. Preguntei se a luz era de obra ou de subministro. Vostede fixo unha prórroga dun contrato que acababa o 27 de xuño de 2015; unha prórroga nunhas instalación que non cumpren.

Sr. Alcalde.- Estableciase a posibilidade de prórroga e había petición do concesionario. Fíxéronse actuacións para dotar o espazo de mellores condicións de uso e seguridade.

Sr. Vigo.- Ningunha actividade se pode desenvolver con contrato de obra. O camping precisa dun seguro de responsabilidade civil que vai ligado ás boas condicións da instalación e si a instalación non cumpre o seguro non responde. Eu din por entendido que estaba todo ben ata que fixen a auditoría. Pregunteille a Secretaria sempre sobor deste asunto.

Sra. Secretaria.- Está adxudicado de hai case 20 anos, e non cumpre coa normativa de agora.

Sr. alcalde.- Tampouco cumpre a accesibilidade.

Sr. García López.- Sí, pero o risco eléctrico e maior. Hai un risco real que está ademais asumindo ao facer unha prórroga do contrato. Antes asumeuse o risco por descoñecemento, agora sabíase e prorrogouse igual.

Sr. Alcalde.- Pido colaboura nisto e trasladar este asunto a unha Xunta de voceiros.

Sr. Saavedra Gutierrez.- ¿Por qué (ao Sr. Vigo) non actuou sabendo o que había e non rescindiu a concesión?.

Sr. Vigo .- Estivemos asesorados pola secretaria municipal.

Sr. Alcalde.- A Secretaria indicounes que se podía prórrogar.

Sra. Secretaría.- Dende o punto de vista xurídico.

Sr. Alcalde.- Reitero que se faigan propostas de xestión.

Sr. Rodríguez Fernández.- ¿Sabese algo máis do edificio do Siroco?

Sr. Alcalde.- Non.

Sr. Rodríguez Fernández.- Van cambiar a Lei do Solo este ano.

Sr. Alcalde.- Hai anteproxecto de Lei do Solo de Galicia que está presentado para estudio, o Sr. Feijoo quere darlle impulso.

Rematado o turno de rogos e preguntas, a sesión ten o seu remate ás vintedúas horas e corenta minutos, da que eu Secretaria extendo esta acta e CERTIFICO.

O Alcalde,

A Secretaria,